



INSTRUCCIÓN 10/2020, DA XERENCIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, SOBRE NOVAS MEDIDAS EN MATERIA DE PERSOAL (APLICACIÓN ORDE SND/299/2020)

En anteriores instrucións desta xerencia foron expostas diversas medidas excepcionais dirixidas a garantir a dispoñibilidade de profesionais para facer fronte á carga asistencial crecente derivada do coronavirus SARS-CoV-2.

En concreto, a instrución 7/2020, do 18 de marzo, dispón que as xerencias/direccións, cando sexa preciso, e sen necesidade de autorización expresa, utilicen calquera das medidas especiais en materia de persoal previstas na Orde SND/232/2020, do 15 de marzo (BOE núm. 68, do 15 de marzo), do Ministerio de Sanidade.

No que atinxe ás medidas excepcionais para dotarse de novos efectivos de persoal, esa instrución achegou modelos para que as incorporacións se formalicen documentalmente, de xeito homoxéneo, nas diversas institucións.

Recentemente, a Orde SND/299/2020, de 27 de marzo (BOE núm. 88, do 30 de marzo), vén de modificar a Orde SND/232/2020.

Xunto a novas medidas en materia de formación especializada que poden ser aplicadas (rotacións, itinerarios formativos...), a Orde amplía os supostos de contratación laboral excepcional.

Así, a posibilidade de contratar profesionais que superaron a puntuación mínima nas probas selectivas de formación sanitaria especializada (apartado *Terceiro, 1.a.*), sen adxudicación de praza, refírese agora tamén ás probas

Instrucción 10/20





2019-2020 (non só ás probas 2018-2019) e xa non queda limitada a graduados/as ou licenciados/as en Medicina.

Por outra parte, a posibilidade de realizar contratos laborais de duración determinada, de auxilio sanitario, en calidade de apoio e baixo supervisión dun profesional sanitario, amplíase agora a estudantes no seu último ano de formación doutras profesións sanitarias e da área sanitaria de formación profesional (novo apartado *sexto bis* da Orde SND/232/2020).

Por tal motivo parece oportuno adaptar, aínda que sexa minimamente, os modelos de contrato que figuran como Anexos I e IV da devandita Instrución 7/2020.

INSTRUCCIÓN

Primeira. Novas medidas en materia de persoal (Orde SND/299/2020)

Como xa se dispuxo na instrución 7/2020, do 18 de marzo, as xerencias/direccións, cando sexa preciso para atender á carga asistencial, e sen necesidade de autorización expresa, utilizarán calquera das medidas especiais en materia de persoal previstas na Orde SND/232/2020, do 15 de marzo (BOE núm. 68, do 15 de marzo), do Ministerio de Sanidade; actualmente na redacción dada pola Orde SND/299/2020, de 27 de marzo (BOE núm. 88, do 30 de marzo).

Instrución 10/20





Segunda. Novos modelos de contratos laborais (Anexos I e IV da Instrución 7/2020)

- Contratación dos profesionais que cumpran os requisitos establecidos no apartado *Terceiro 1.a* da antedita orde ministerial (puntuación mínima nas probas selectivas de formación sanitaria especializada 2018-2019, sen adxudicación de praza, ou 2019-2020): utilizarase o novo Anexo I que se achega.
- Contratación de estudantes no seu último ano de formación, de profesións sanitarias ou da área sanitaria de formación profesional (apartados *Sexto* e *Sexto bis* da orde ministerial): utilizarase o novo Anexo IV que se achega.

Nos demais particulares mantén a súa vixencia a instrución 7/2020 desta Xerencia, do 18 de marzo.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2020

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo

Instrución 10/20





ANEXO I

CIF:

PATRONAL:

CONTRATO LABORAL AO ABEIRO DO RD 1146/2006, do 6 de outubro

En _____, a ____ de _____ de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, D/D^a _____, Xerente/a da Área Sanitaria de _____, que actúa en virtude das atribucións que lle confire a Orde do 5 de xullo de 2012 (DOG nº 139, do 20 de xullo) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

E doutra, D/D^a _____, con DNI nº _____, con domicilio en _____, que ostenta un Grao ou Licenciatura ene que ten superadas as probas de selectivas 20.. para o acceso en 20.. a prazas de formación especializada para(titulación), non resultando adxudicatario/a de praza.

DECLARAN

Que reúnen as condicións e capacidade necesarias para a formalización deste contrato, que se celebra ao abeiro do RD 1146/2006 do 6 de outubro polo que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde, e do punto terceiro da Orde SND/232/2020, de 15 de marzo, pola que se adoptan medidas en materia de recursos humanos e medios para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, (BOE do 15 de marzo; modificación no BOE do 30 de marzo),

CLAUSULAS

Primeira: o presente contrato ten por obxecto a realización de prestación de servizos como *médico/farmacéutico/psicólogo/físico/químico/biólogo*

Segunda: As retribucións que percibirá o/a traballador serán de 1.203,56 € /mes e as correspondentes por gardas realizadas conforme o establecido na Orde de confección de nóminas para o persoal licenciado residente: 226,95 € garda de presenza de 17 horas e 320,40 € por garda de presenza de 24 horas.

Instrución 10/20





Terceira: A xornada de traballo será a establecida para o persoal residente en formación, co réxime especial aplicable durante a actual situación de crise sanitaria.

Cuarta: Duración do díaata o día.....

E para que así conste, expídese o presente contrato, por quintuplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

Instrución 10/20





ANEXO IV

CIF:

PATRONAL:

CONTRATO LABORAL OBRA OU SERVIZO DETERMINADO AO ABEIRO DO
RDL 2/2015

En _____, a ____ de _____ de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, D/D^a _____, Xerente/a da Área Sanitaria de _____, que actúa en virtude das atribucións que lle confire a Orde do 5 de xullo de 2012 (DOG nº 139, do 20 de xullo) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

E doutra, D/D^a _____, con DNI nº _____, con domicilio en _____, estudante de último curso do Grao de ou da área sanitaria de formación profesional.....

DECLARAN

Que reúnen as condicións e capacidade necesarias para a formalización deste contrato, que se celebra ao abeiro do establecido no artigo 151.a) do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado polo RDL 2/2015 e do punto sexto/sesto bis da Orde SND/232/2020, de 15 de marzo, pola que se adoptan medidas en materia de recursos humanos e medios para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, (BOE do 15 de marzo; modificación no BOE do 30 de marzo),

CLAUSULAS

Primeira: o presente contrato ten por obxecto a realización das funcións de auxilio sanitario que se desenvolverán en calidade de apoio e baixo a supervisión dun profesional sanitario.

Segunda: As retribucións que percibirá o/a traballador serán de 1.030 €/mes.

Terceira: A xornada de traballo será a establecida para o persoal ao que presta o seu apoio, co réxime especial aplicable durante a actual situación de crise sanitaria.

Instrución 10/20





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel.: 881 542 813
xerencia.sergas.@sergas.gal
www.sergas.gal



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE



Cuarta: Duración do díaata o día....

E para que así conste, expídese o presente contrato, por quintuplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

Instrución 10/20



Xacobeo 2021

